



RESOLUCIÓN DA XERENCIA DA AREA SANITARIA DE VIGO POLA QUE SE PUBLICA A RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO CONCURSO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA DO PERSOAL ESTATUTARIO FIXO DO ÁMBITO DE ATENCIÓN HOSPITALARIA, CORRESPONDENTE A DIVERSAS CATEGORÍAS DE PERSOAL SANITARIO DIPLOMADO E DE FORMACIÓN PROFESIONAL E DE PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO 8 DE XUÑO DE 2021.

Mediante resolución da Xerencia da Área Sanitaria de Vigo do 8 de xuño de 2021 convocouse concurso de mobilidade interna voluntaria para diversas categorías de persoal estatutario fixo do ámbito de atención hospitalaria. Pola súa vez, mediante Resolución da Xerencia do 4 de febreiro de 2022 foi publicada a resolución provisional de dito concurso, abrindo un prazo de 15 días hábiles para formular reclamacións.

A base sexta da convocatoria establece que unha vez rematado o período de reclamacións a Comisión Paritaria pronunciarase sobre elas e trasladará á Xerencia unha proposta de resolución definitiva. As reclamacións presentadas foron avaliadas pola Comisión Paritaria na sesión celebrada o 4 de marzo de 2022. A súa estimación ou desestimación enténdese implícita nesta resolución definitiva.

Á vista da proposta, procede a publicación da resolución definitiva do concurso de mobilidade interna voluntaria convocado por resolución do 8 de xuño de 2021.

Con baseamento no exposto, esta Xerencia, de conformidade co Decreto 137/2019, de 10 de outubro (DOG num. 208, do 31 de outubro) polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Orde do 22 de abril de 2020 (DOG num. 82, do 29 de abril) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, e no Decreto 134/2019 do 10 de outubro (DOG núm. 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, o xerente da área sanitaria de Vigo,

Estrada Clara Campoamor nº 341
36213 Vigo (Pontevedra)
T. +34 986 825 150
xerencia.vigo@sergas.es





RESOLVE:

Primeiro. Publicar, con carácter definitivo, as puntuacións obtidas e os destinos adjudicados ás persoas participantes no concurso de mobilidade interna voluntaria, convocado pola resolución do 8 de xuño de 2021. As listaxes coas puntuacións e os destinos definitivos, poderán examinarse na páxina intranet e nos taboleiros de anuncios da Area Sanitaria de Vigo. Conforme o disposto no punto 4 da base sexta da convocatoria, a estimación ou desestimación das reclamacións presentadas entendese implícita nesta resolución definitiva.

Segundo. En cumprimento do previsto no punto 6 da base terceira da convocatoria, se entenden decaídas as solicitudes das persoas admitidas que deixen de reunir algún dos requisitos de participación antes da súa resolución definitiva. Así mesmo, en cumprimento do previsto no punto 7 da base sexta, admitíronse diversas renuncias ao concurso presentadas no prazo de reclamacións. Nestes supostos, as solicitudes decaídas e as renuncias presentadas ata a data desta resolución definitiva non se teñen en conta a ningún efecto.

Terceiro. Conforme ao disposto na base sétima da convocatoria, a incorporación das persoas adjudicatarias aos seus destinos se realizará de xeito progresivo nun prazo máximo de seis meses que se inicia a partir do 16 de marzo, previa organización dos movementos derivados da resolución do concurso por parte das Direccións implicadas. Sen prexuízo da data de incorporación efectiva determinada pola Dirección correspondente, ao persoal adjudicatario se lle computará para os efectos de antigüidade no servizo adjudicado a data inicial do prazo citado.

Cuarto. Para determinar o persoal que, no seu caso, deba ser desprazado das unidades nas que se vaia incorporar o persoal adjudicatario do concurso se aplicarán os criterios de saída que se sinalan no apartado segundo do Acordo de 29 de Maio de 2017 para reestruturación ou reordenación de servizos ou unidades no ámbito de atención hospitalaria, na redacción dada polo acordo de actualización do 16 de febreiro de 2022.

Estrada Clara Campoamor nº 341
36213 Vigo (Pontevedra)
T, +34 986 825 150
xerencia.vigo@sergas.es



Quinto. Conforme ao establecido no punto 7 da base sexta da convocatoria, os postos adjudicados serán irrenunciábeis unha vez publicada esta resolución definitiva, sen prexuízo dos procedementos de revogación polas causas previstas nos puntos 1.6 e 1.7 da base oitava, ou de decaemento da solicitude de aqueles aspirantes que teñan obtido un posto de traballo incompatible co seu informe de saúde con limitacións permanentes, de conformidade co establecido na base décima da convocatoria.

Sexto. Contra esta resolución, e conforme ao disposto no punto 6 da base sexta da convocatoria, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á súa publicación, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, que deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos do artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O xerente da Área Sanitaria de Vigo
(asinado dixitalmente)

Francisco Javier Puente Prieto

DILIXENCIA:

Para facer constar que o día.....⁹ de marzo de 2022 procedese á publicación desta Resolución nos taboleiros de anuncios das oficinas da Dirección de Recursos Humanos e na intranet da Área Sanitaria de Vigo.

A directora de Recursos Humanos

Maria Cobas Brey

